

1. Líder

BASKET



PODIO GALEGO

Estudiantes Leyma júnior feminino e masculino remataron a Copa Galicia no segundo e terceiro posto respectivamente e chegan ao inicio das ligas regulares, que comezan esta próxima fin de semana, coas espadas en todo o alto

Estudiantes feminino alzouse co subcampionato da Copa Galicia

ESPECTACULAR TORNEO DAS DE FERNÁN VARELA, que gañaron a Peleteiro na semifinal e quedaron "campioas" dos equipos mortais. O Celta segue acumulando títulos de forma consecutiva

SEMIFINAL			
PELETEIRO		ESTUDIANTES	
39		44	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Fajín		Eva	
Leza		María	
Losada		Sabela	
Fernández		Yashina	
Tabora		Marta	
Lamas		Silvia	
Saigueiro		Claudia	
Gil		Cristina	
Riquieiro		Nuria	
Fidalgo		Laura	
Paró		Carla	

FINAL			
CELTA		ESTUDIANTES	
80		45	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Neira		Eva	
Comesaña		María	
Fontela		Sabela	
Pérez		Yashina	
Prieto		Marta	
Fernández		Silvia	
Gil		Claudia	
Vidal		Cristina	
Magdalena		Nuria	
Alonso		Laura	
Lázaro		Carla	

"ESTOY MUY CONTENTO CON EL TRABAJO HECHO EN SEMIFINALES Y CON LA GRAN PRIMERA PARTE EN LA FINAL. ENHORABUENA A TODAS" FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma



Fernán Varela dando instrucións ás súas xogadoras

Estudiantes Leyma subiu ao segundo chanzo do podio da Copa Galicia júnior feminina. Un chanzo reservado para o mellor equipo dos mortais, do que queda excluído unha vez máis o Celta de Vigo.

O equipo celeste coouise na final four por méritos propios, aínda que chegou á última xornada dependendo de terceiros, os resultados favorecéronlle e plantáronse na fase sen nada que perder e moitísimo que gañar.

De feito gañaron en minutos de xogo a alto nivel para preparar da mellor forma posible o inicio de tempada, e tamén gañaron a Peleteiro na loita por poder disputar a gran final.

As de Fernán foron de menos a máis, o inicio de partido ante Peleteiro despertou algunha dúbida en ataque, con mala toma de decisións e erros en tiro. Con todo, o listón que marcou Estudiantes en defensa foi bo e mantívoo ao longo

do encontro e da final four. 12-7 terminou o primeiro parcial e no segundo os aros fixéronse moi pequenos para os dous equipos, que se mostraron máis sólidos en defensa, as celestes facéndoos en media pista, algo que desencadeou nun escaso 5-8 de parcial para chegar ao descanso con 17-15 no marcador.

Estudiantes foi toda a primeira parte por debaixo no marcador, pero na segunda metade deu un paso á fronte en ataque e tomou as rendas cun terceiro parcial de 9-16. As de Fernán Varela xa non soltaron o mando, lograron unha vantaxe de dez puntos que administraron ata o final do encontro para coarse na gran final co 39-44 co que

terminou o partido.

Final

Estudiantes, lonxe de conformarse con chegar á gran final, competiu e subiuse ás barbas a Celta durante toda a primeira parte, na que as lucenses estiveron a un gran nivel de xogo. O primeiro parcial foi para as locais, 17-8, pero no segundo o conxunto celeste impúxose 12-16 e chegou ao descanso coas espadas en todo o alto a tan só cinco puntos, 29-24. O inicio do terceiro cuarto foi determinante, cun parcial a favor do Celta co que tomaron rumbo fixo cara ao título ante un Estudiantes que terminou sen forzas, pero coa cabeza moi alta e o subcampeonato da Copa Galicia no peto.

Os rapaces subiron ao podio tras ter a tiro a gran final

A SEGUNDA PARTE ANTE OBRADOIRO despertou aos celestes do soño de revalidar o título cando ao descanso mandaban 31-43. Alzáronse co terceiro posto ante Rosalía

SEMIFINAL			
OBRADOIRO		ESTUDIANTES	
71		65	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Rodríguez		Mikel	
Otxoa		Anxo	
Moure		Alvaro	
Miquez		Cabe	
González		Jorge	
Pérez		Diego	
Fernández		Lucas	
Bello		Carlos	
González		Pedro	
Iglesias		Borja	
Rivadulla			

3º POSTO			
ROSALÍA		ESTUDIANTES	
60		73	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Rodríguez		Mikel	
Santiago		Anxo	
Valenzuela		Alvaro	
Souto		Cabe	
Cayado		Jorge	
Gauado		Diego	
Golpe		Lucas	
Mallou I.		Carlos	
Gómez		Pedro	
Mallou M.		Borja	



Os xogadores do Estudiantes facendo piña ao remate do partido ante Peleteiro en Tui

"UNA GRAN PRIMERA PARTE QUE NO BASTÓ PARA LLEVARSE EL PARTIDO"

PABLO ABUÍN - Estudiantes Leyma

Estudiantes presentouse en Tui co ambicioso reto de revalidar o título da Copa Galicia júnior masculina que conseguiron a pasada tempada xogando a final four como anfitrións

"ESTE PARTIDO NOS SIRVIÓ PARA SEGUIR CONJUNTANDO AL EQUIPO PARA EL INICIO DE LIGA"

PABLO ABUÍN - Estudiantes Leyma

nos no Anexo. O equipo celeste era un dos favoritos, como o volverá a ser na loita polo título de Liga, e fixo valer a súa condición desde os primeiros minutos da semifina-

l que lle mediou con Obradoiro.

Os de Pablo Abuín empezaron moi ben o duelo, moi concentrados en defensa e tomando boas decisións en ataque, co único lunar de que o pode-

ros puxo rumbo fixo cara á final, chegando ao descanso cunha renda de 12 puntos co 31-43 que reflectía o marcador.

A posta en escena de Obradoiro no terceiro cuarto foi espectacular, dominando o rebote ofen-

sivo e con boas porcentaxes no tiro de tres. Os composteláns recortaron distancias cun parcial de 19-9 que deixaba a vantaxe de Estudiantes en tan só dous puntos de cara aos últimos dez minutos.

Os de Estudiantes, lonxe de conformarse con chegar á gran final, competiu e subiuse ás barbas a Celta durante toda a primeira parte, na que as lucenses estiveron a un gran nivel de xogo. O primeiro parcial foi para as locais, 17-8, pero no segundo o conxunto celeste impúxose 12-16 e chegou ao descanso coas espadas en todo o alto a tan só cinco puntos, 29-24. O inicio do terceiro cuarto foi determinante, cun parcial a favor do Celta co que tomaron rumbo fixo cara ao título ante un Estudiantes que terminou sen forzas, pero coa cabeza moi alta e o subcampeonato da Copa Galicia no peto.

sivo e con boas porcentaxes no tiro de tres. Os composteláns recortaron distancias cun parcial de 19-9 que deixaba a vantaxe de Estudiantes en tan só dous puntos de cara aos últimos dez minutos.

Os de Estudiantes, lonxe de conformarse con chegar á gran final, competiu e subiuse ás barbas a Celta durante toda a primeira parte, na que as lucenses estiveron a un gran nivel de xogo. O primeiro parcial foi para as locais, 17-8, pero no segundo o conxunto celeste impúxose 12-16 e chegou ao descanso coas espadas en todo o alto a tan só cinco puntos, 29-24. O inicio do terceiro cuarto foi determinante, cun parcial a favor do Celta co que tomaron rumbo fixo cara ao título ante un Estudiantes que terminou sen forzas, pero coa cabeza moi alta e o subcampeonato da Copa Galicia no peto.

Terceiro e cuarto posto

O equipo celeste, lonxe de deixarse levar, mostrou un gran compromiso e carácter ganador no partido do terceiro e cuarto posto. De novo cunha gran primeira parte, que como ante Obradoiro marcan a liña a seguir na Liga regular, sacaron vantaxes cun xogo alegre e vertical para chegar ao descanso con 26-38. Como sucedeu na semifinal, neste caso Rosalía intentou reaccionar tralo intermedio, pero Estudiantes tomou boas decisións, soubo aprender dos erros e mantivo en todo momento baixo control ao seu rival ata alzarse co terceiro posto e tomar carrerilla para o inminente inicio da Liga Galega júnior masculina.

O Ensino Lugo arrincou a tempada a toda máquina

A SEDE DE NEW HOLLAND, NAS INSTALACIÓNS DE DURÁN MAQUINARIA, convertiuse nun escenario polo que desfilaron o primeiro equipo e a canteira do club



A sede de New Holland encheuse de afeccionados e afeccionadas, e de membros das diferentes plantillas, que asistiron a un acto presentado una vez máis por Terio Carrera

ÚLTIMO TÍTULO

O DURÁN MAQUINARIA OFRECEU A COPA GALICIA DE BALONCESTO A TODOS OS ASISTENTES Á GALA PRESENTACIÓN



Xogadoras e corpo técnico do primeiro equipo co último título acadado polo club lucense

INSTITUCIÓNS E PATROCINADORES

AGRADECIMENTOS Á COLABORACIÓN DOS QUE FAN POSIBLE O SEU PROXECTO



Efrén Castro, Deputado de Deportes



Miguel Fdez, Concelleiro de Deportes



Manuel Cadramón, Delegado da Xunta

As tres institucións públicas que apoian cada tempada ao Ensino Lugo Club Baloncesto estiveron moi presentes na Gala Presentación da tempada 2019/2020. Efrén Castro, Deputado de Deportes, Miguel Fernández, Concelleiro de Deportes, e Manuel Cadramón, Delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, tiveron o seu turno de intervención no que mostraron o seu apoio ao club, e especialmente á canteira.

O Colexio Galén, Candelas, Durán Maquinaria, Abanca, New Holland e Leyma Natura son os principais apoios cos que conta esta tempada o Ensino Lugo Club de Baloncesto.

O Ensino exhibe músculo

PRETO DE MEDIO MILLAR DE PERSOAS ASISTIRON Á POSTA DE LARGO DO se coñeceron os equipos de baloncesto base e as xogadoras e corpo técnico do

CATEGORÍAS INFERIORES

OS XOGADORES E XOGADORAS DAS CATEGORÍAS INFANTIL, CADETE E JÚNIOR DESFILARON POLA PASARELA COS SEUS EQUIPOS

Trala presentación da Gala e a intervención dos representantes das institucións públicas, chegou o turno de presentar á canteira do Ensino Lugo Club de Baloncesto.

As primeiras en desfilarmos pola pasarela foron as xogadoras en idade infantil, que saíron á vez que Terio Carrera as nomeaba unha por unha. Os seguintes foron os xogadores da categoría infantil masculina. Máis tarde chegou a quenda do equipo cadete feminino provincial, e posteriormente o cadete feminino de Liga Galega, cadete masculino provincial, cadete masculino Liga Galega -que tivo un vídeo homenaxe

polo seu recente ascenso á Primeira División- o júnior feminino provincial, júnior feminino de Liga Galega, júnior masculino provincial e júnior masculino de Liga Galega, que coma o cadete tamén tivo un vídeo homenaxe tralo ascenso á Primeira División, na que competirán esta tempada.

O Ensino conta con máis equipos de base de cara a esta tempada, pero aínda están sen confeccionar os conxuntos e as ligas de mini e preminibasket, polo que na presentación só estiveron presentes os equipos infantil, cadete e júnior, tanto masculinos coma femininos.

200

XOGADORES E XOGADORAS adestrarán e competirán esta tempada no Ensino Lugo Club de Baloncesto

21

EQUIPOS DE BASE Esta tempada o Ensino conta ter en lixa máis de vinte equipos, sendo o récord do club



O equipo infantil feminino da Liga Provincial



O cadro infantil masculino da Segunda División



Aigor Romo e Donar coas cadetes provinciais



O conxunto cadete feminino de Liga Galega



Os cadetes masculinos de Liga Provincial



Donar Rivas tomou o micrófono e animou a Gala



O recién ascendido equipo cadete masculino



O conxunto júnior feminino de Segunda División



Miguel López adestrará ás júnior de Liga Galega



O cadro júnior masculino de Segunda División



Os júnior masculinos que xogarán en Liga Galega



Adrián González falando con Terio Carrera



Os asistentes recibiron ao primeiro equipo



A xogadora do primeiro equipo, Britta



Á posta de largo do club Lucense acud

o e presume de canteira

ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO 2019/2020, unha presentación na que o primeiro equipo, con todas elas os asistentes puideron compartir experiencias



o primeiro equipo e ao corpo técnico do Ensino Lugo Club e escoitaron as palabras do seu presidente, Manuel Durán



o equipo e ao corpo técnico do Ensino Lugo Club e escoitaron as palabras do seu presidente, Manuel Durán

XOGADORAS E CORPO TÉCNICO PRESENTÁRONSE INDIVIDUALMENTE

Una vez rematou a presentación das categorías inferiores chegou o turno do primeiro equipo. Cada xogadora foi presentada por Terio Carrera de forma individual á vez que se proxectaba un vídeo personalizado. Ao remate do vídeo aparecía en persoa cada xogadora dende a parte superior da nave de Durán Maquinaria, e baixo un manto de fume e colorido saúdaba a todos os presentes. Do mesmo xeito se presentou ao corpo técnico, e cando xa estaban todos sobre o escenario proxectouse un vídeo homenaxe

da recente consecución da Copa Galicia de Baloncesto feminino. O Presidente, Manuel Durán, foi o encargado de subir a Copa ao escenario para que Bea Sánchez a levantase ante as súas compañeiras e todos os asistentes.

Terio Carrera conversou sobre o escenario co adestrador, Juan Nécega, sobre a tempada que vén por diante e rematou cunha pequena entrevista ao Presidente, Manuel Durán, na que conversaron sobre a canteira e o primeiro equipo do Ensino Lugo Club Baloncesto 2019/2020.



o equipo e ao corpo técnico do Ensino Lugo Club e escoitaron as palabras do seu presidente, Manuel Durán



o equipo e ao corpo técnico do Ensino Lugo Club e escoitaron as palabras do seu presidente, Manuel Durán

EQUIPO LIGA FEMININA

O ÚNICO EQUIPO DE GALICIA NA MÁXIMA CATEGORÍA ACAPAROU PROTAGONISMO

O Ensino Lugo será esta tempada o único equipo que milite na máxima categoría do baloncesto feminino nacional. Tralo descenso no pasado curso de Baxi Ferrol

e o frustrado ascenso do Celta de Vigo, Lugo será a única escala que fagan os mellores equipos do baloncesto feminino nacional este curso en toda Galicia.



o equipo e ao corpo técnico do Ensino Lugo Club e escoitaron as palabras do seu presidente, Manuel Durán



o equipo e ao corpo técnico do Ensino Lugo Club e escoitaron as palabras do seu presidente, Manuel Durán



o equipo e ao corpo técnico do Ensino Lugo Club e escoitaron as palabras do seu presidente, Manuel Durán

FESTA PRESENTACIÓN**TRALA PRESENTACIÓN DOS XOGADORES E XOGADORAS DAS CATEGORÍAS INFERIORES E PRIMEIRO EQUIPO, FAMILIARES E SIMPATIZANTES UNÍRONSE NUNHA FESTA CONXUNTA**

Una vez rematado o espectáculo de luz e son co que desfilaron pola pasarela os conxuntos de base e o primeiro equipo, todos os asistentes recargaron forzar cos pinchos e bebida que se serviron na propia nave de Durán Maquinaria. Logo

diso, volveu empezar a festa. Os primeiros en animala foron os rapaces e rapazas da categoría cadete cantando e bailando sobre o escenario. A eles uníronse o resto das categorías ata que solicitaron a presenza do Presidente do Club,

Manuel Durán.

As xogadoras e corpo técnico do primeiro equipo mostráronse moi cercanas e foron un máis na festa e nos bailes que se alargaron ata pasada a medianoite.



Fiona O'Dwyer xunto a unha convidada



O presidente do club, Manuel Durán, tamén se sumou á festa no escenario



Xogadoras júnior xunto a Ainhoa López



Os asistentes disfrutaron do cátering



Aleksandra Stanacev posou cos asistentes



Varios xogadores cadete e júnior



As infantiles Alejandra e Paula



Xogadoras júnior posando para Líder



As sénior, Kalis Loyd e Ainhoa López



Laura Aliaga falando cunha xogadora da base



As júnior Natalia, Maite e Any no escenario



Jorge Pillado, Garabito, Olloqui e Eloy



Kalis Loyd e Laura Aliaga, do primeiro equipo



Atonye Nyingifa e Starr Breedlove



Ainhoa López disfrutando da festa



Kalis Loyd coa cadete Paula Hoyuelos



Britany Miller e Ainhoa López



O acto alargouse con música e bailes



Juan Nécega, adestrador do primeiro equipo



Britany Miller gozou cos equipos base



Laura Aliaga e Bea Sánchez coa canteira

JUNIOR 1ª DIV. FEMININO

RESULTADOS

Estudiantes - Carmelitas	----
Cortegada - Peleteiro	----
Bosco - C. Maria	----
B. Coruña - Rosalia	----
C. Artabra - Mariano	----
Durán Ensino - Celta	Apt.

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
DURÁN ENSINO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
CARMELITAS	0	0	0	0	0	0
CORTEGADA	0	0	0	0	0	0
PELETEIRO	0	0	0	0	0	0
BOSCO	0	0	0	0	0	0
COMPANIA MARIA	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0
ROSALIA	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
C. MARIANO	0	0	0	0	0	0
CELTA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

C. Maria - B. Coruña
Peleteiro - Bosco
Celta - C. Artabra
Carmelitas - Durán Ensino
Rosalia - Estudiantes
Mariano - Cortegada

JUNIOR 1ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS

Culleredo - Durán Ensino	----
Sigaltec - Bosco	----
Allariz - B. Ferrol	----
B. Amor - CB Tui	----
Estudiantes - C. Ourense	----
Rosalia - Obradoiro	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
CULLEREDO	0	0	0	0	0	0
SIGALTEC	0	0	0	0	0	0
BOSCO	0	0	0	0	0	0
ALLARIZ	0	0	0	0	0	0
B. FERROL	0	0	0	0	0	0
BLANCO AMOR	0	0	0	0	0	0
CB TUI	0	0	0	0	0	0
C. OURENSE	0	0	0	0	0	0
ROSALIA	0	0	0	0	0	0
OBRADOIRO	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Obradoiro - CB Allariz
C. Ourense - Rosalia
CB Tui - Sigaltec
Durán Ensino - Blanco Amor
B. Ferrol - Culleredo
Bosco - Estudiantes

CADETE 1ª FEMININO NORTE

RESULTADOS

Maristas - Rosalia	----
Peleteiro - Candelas Ensino	----
Giraldo - Estudiantes	----
Culleredo - C. Artabra	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
CANDELAS ENSINO	0	0	0	0	0	0
MARISTAS	0	0	0	0	0	0
ROSALIA	0	0	0	0	0	0
PELETEIRO	0	0	0	0	0	0
GIRALDO	0	0	0	0	0	0
CULLEREDO	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - Peleteiro
Candelas Ensino - Maristas Coruña
Estudiantes - C. Artabra
Rosalia - Giraldo

CADETE 1ª MASCULINO NORTE

RESULTADOS

B. Ferrol - R. Ribadeo	----
C. Artabra - San Ciprián	----
Culleredo - Ensino Lugo	----
B. Coruña - Estudiantes	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
RIA DE RIBADEO	0	0	0	0	0	0
SAN CIPRIÁN	0	0	0	0	0	0
ENSINO LUGO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
B. FERROL	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
CULLEREDO	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

R. Ribadeo - B. Coruña
Estudiantes - C. Artabra
Ensino Lugo - B. Ferrol
San Ciprián - Culleredo

INFANTIL 1ª FEMININO NORTE

RESULTADOS

Rosalia - Junquera	----
Peleteiro - Inmoponte	----
Arxil - C. Artabra	----
Burela - Estudiantes	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
CB BURELA	0	0	0	0	0	0
ROSALIA	0	0	0	0	0	0
JUNQUERA	0	0	0	0	0	0
PELETEIRO	0	0	0	0	0	0
INMOPONTE	0	0	0	0	0	0
ARXIL	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Junquera - Peleteiro
Inmoponte - Burela
Estudiantes - CB Arxil
C. Artabra - Rosalia

INFANTIL 1ª MASCULINO NORTE

RESULTADOS

Betanzos - Obradoiro	----
Montrove - Estudiantes	----
Maristas Lugo - Culleredo	----
Narón - B. Coruña	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARISTAS LUGO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
BETANZOS	0	0	0	0	0	0
OBRADOIRO	0	0	0	0	0	0
MONTROVE	0	0	0	0	0	0
CULLEREDO	0	0	0	0	0	0
NARÓN	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Montrove
Culleredo - Betanzos
Obradoiro - Narón
Estudiantes - Maristas Lugo

PRE-INFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS

Esclavas - B. Coruña	----
Los Rosales - C. Artabra	----
Baxi Ferrol - Estudiantes	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB BURELA	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
ESCLAVAS	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0
LOS ROSALES	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
BAXI FERROL	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Los Rosales
Estudiantes - Esclavas
Burela - Baxi Ferrol

PRE-INFANTIL MASC. NORTE

RESULTADOS

Culleredo - Celtas Foz	----
T. Molina - C. Artabra	----
Maristas C. - Estudiantes	----
B. Coruña - B. Ferrol	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CELTAS FOZ	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
CULLEREDO	0	0	0	0	0	0
TIRSO DE MOLINA	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0
MARISTAS CORUÑA	0	0	0	0	0	0
ARINGAL	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Aringal - Maristas Coruña
Celtas Foz - Tirso de Molina
Estudiantes - Culleredo
C. Artabra - B. Coruña

MINIBASKET 1ª FEM. NORTE A

RESULTADOS

Pontumio - Estudiantes	----
Baxi Ferrol - C. Artabra	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
ENSINO LUGO	0	0	0	0	0	0
BAXI FERROL	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
PONTUMIO	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - Pontumio
Estudiantes - Baxi Ferrol

MINIBASKET 1ª MASC. NORTE A

RESULTADOS

Ribadeo - Estudiantes	----
Narón - C. Artabra	----
B. Ferrol - Maristas Lugo	----

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARISTAS LUGO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
RIBADEO	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
NARÓN	0	0	0	0	0	0
B. FERROL	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - B. Ferrol
Maristas Lugo - Narón
C. Artabra - Ribadeo

COPA GALICIA JUNIOR FEMININO

SEMIFINAIS

CELTA ZORKA **84-45** BASQUET CORUÑA

SEMIFINAIS

PELETEIRO **39-44** ESTUDIANTES LUGO

FINAL

ESTUDIANTES LUGO **55-78** CELTA

COPA GALICIA JUNIOR MASCULINO

SEMIFINAIS

ROSALIA DE CASTRO **65-80** CB TUI

SEMIFINAIS

ESTUDIANTES **65-71** OBRADOIRO

3º POSTO

ROSALIA **60-73** ESTUDIANTES LUGO



BALONCESTO

23 EQUIPOS FORMAN A ARMADA LUCENSE MÁIS AMPLA DA HISTORIA nas ligas galegas. Nunca antes o basket base da Provincia contara con tantos equipos en Primeira División

A próxima fin de semana comezará o goso das máximas categorías do baloncesto base galego, as primeiras divisións ou ligas galegas, que terán unha ampla representación do baloncesto lucense, a maior desde que hai todas as competicións.

Sete clubs da Provincia aportan un total de 23 equipos, moitos deles referentes no baloncesto autonómico e que loitarán polos títulos galegos, e outros que se coan entre os mellores por primeira vez. O feito é que Lugo terá máis peso que nunca nestas competicións.

Estudiantes é o club que máis equipos aporta, cun total de dez, séguelle Ensino con cinco, Maristas con dous, Burela con dous, Ribadeo con dous e San Ciprián e Celtas de Foz con cadanseu conxunto.

Júnior

As primeiras divisións masculinas e femininas darán comezo a próxima fin de semana. Nelas competirán catro equipos lucenses, dous de Estudiantes e dous de Ensino, en ambos casos cun conxunto masculino e outro feminino. En masculino o baloncesto base lucense recupera dous representantes, algo que non sucedía desde que competiu na máxima categoría o Cidade de Lugo.

Estudiantes, que vén de quedar terceiro na Copa Galicia, será un dos galos da competición, mentres que o Ensino, pese a debutar por primeira vez na Liga Galega júnior masculina tras conseguir o ascenso este verán, está chamado a loitar polos primeiros postos co obxectivo da final four en mente.

Máis igualdade si cabe preséntase na categoría feminina. Estudiantes alzouse este pasado fin de semana co subcampeonato da Copa Galicia e da man de Fernán Varela volverá soñar con estar presente nun novo Campionato de España a final de tempada. Máis que un soño, para Ensino este reto preséntase como obxectivo. O conxunto de Miguel López é o que máis se reforzou e parte con aspiracións de competirlle o título a todo un Celta de Vigo, precisamente o seu primeiro rival da Liga regular, pero ambos equipos decidiron aprazar o duelo para o venres 15 de novembro, polo que o Ensino de debutará en Liga na segunda xornada visitando a Carmelitas en Ourense.

Cadete

A Liga Galega cadete é sen dúbida a categoría que máis presenza lucense gañou esta tempada. Por primeira vez desde a súa creación haberá catro equipos da Provincia na máxima categoría. A Estudiantes, que xa competiu

os últimos anos, únense Ensino, San Ciprián e Ribadeo, que deron o salto este verán tras conseguir unha praza nos seus respectivos grupos das fases de ascenso.

O primeiro derbi provincial xogarase na terceira xornada ao recibir Ribadeo a Ensino, e o que será o primeiro derbi mariño da historia na Liga Galega cadete disputarase o segundo fin de semana de novembro co duelo que medirá na Veiga a San Ciprián e Ribadeo.

Na categoría feminina mantéñense os dous representantes lucenses da pasada tempada, Estudiantes e Ensino, que tamén debutan a próxima fin de semana, Estudiantes en Vilagarcía ante Giraldo e Ensino visitando a pista de Peleiteiro, en Santiago de Compostela.

Infantil

Maristas únese esta tempada a Estudiantes na Liga Galega infantil masculina, os de Engróba conseguiron a praza tras quedar entre os primeiros clasificados a tempada pasada en preinfantil, mentres que Estudiantes segue sendo un clásico desta competición e debutará a próxima fin de semana en Oleiros ante Montrove. Pola súa banda Maristas farao no Anexo, recibindo a Culleredo.

Lugo terá dous representantes na Liga Galega infantil feminina esta tempada, Estudiantes, que se mantén, e a novidade, Burela, que asinou este verán o salto de categoría desde a fase de ascenso. A tempada para ambos comeza con derbi e disputarase en Vista Alegre ao recibir Burela ás celestes.

Preinfantil

Catro equipos da Provincia de Lugo competirán esta tempada na Liga Galega preinfantil. Na categoría masculina mantense Estudiantes e súmase Celtas de Foz, os mariñoas, trala espectacular tempada que realizaron en mini, probaranse agora en preinfantil. Celtas de Foz debutará ante Culleredo a domicilio e Estudiantes desprazarase á Coruña para medirse con Maristas nunha competición que dará comezo a fin de semana do 19/20 de outubro.

En categoría feminina tamén se mantén do curso pasado Estudiantes e debuta Burela. A primeira fase desta competición conta con equipos impares, polo que cada xornada descansará un.- Na primeira cita tócalle descansar a Burela, que debutará na segunda xornada recibindo a Baxi. Na primeira, Estudiantes viaxa a Ferrol.

Minibasket

Cinco equipos lucenses estarán esta

tempada na Liga Galega alevín. Tres en competición masculina, Estudiantes, Ribadeo e Maristas, e dous na feminina, Estudiantes e Ensino. As competicións nesta categoría, como na preinfantil, tamén darán comezo a fin de semana

do 19/20 de outubro. Tanto os conxuntos masculinos como femininos da Provincia quedaron encadrados no Grupo Norte B, destacando na primeira xornada o derbi que medirá a Ribadeo e Estudiantes masculino.

